



O Noso Federalismo

Os povos do Estado hespañol veñen sufrindo dende fai máis d-un século as resultas d-unha doenza crónica, que os leva do desbaraxuste democrático á ditadura militar e da ditadura militar ao desbaraxuste democrático. Dixérase que viven fatalmente condenados a esa terrible alternativa, con tristuras do que pasou e temores do que pode vir, como si se tratase de sociedades rebeldes a todo goberno e a toda lei. Pero non é certo que os povos hispanos sexan incapaces de constituiren un Estado común, armónico, estable e rexido por normas democráticamente establecidas e respetadas. O que ocorre é que a súa natural diversidade requería unha organización descentralizada, en vez do sistema unitario e centralista, iniciado pol-a dinastía dos Borbóns e servido pol-os partidos dirixidos dende Madrid, fosen eles conservadores ou liberaes, monárquicos ou republicáns. Concédase, pois, aos diversos povos de Hespaña unha franca autonomía e veremos xurdir un Estado hespañol auténticamente democrático, asentado sobor da transixencia e a tolerancia, dentro da paz e do orde, porque si algún conxunto de povos do mundo está obrigado a estreitar a súa vida política conforme ao sistema federal, ese conxunto chámase Hespaña.

Claro está que Castela e as súas rexións, que forman o núcleo central e maioritario de Hespaña, e que, pol-o tanto, marcaron as directrices do Estado hespañol, non por eso se libran da zozobra xeral, nin das inxusticias, iniquidades, miserias e discordias a que todol-os povos hispanos veñen sometidos por culpa do centralismo. Ben ao contrario, Castela sofre retraso espiritual e probeza económica en grado sumo; pero a hexemonía dos seus módulos nacionais infundeulle un orgullo desmedido, que non lle permite ver nin concebir outra Hespaña que non sexa a que ela mesma creou, derivada do absolutismo dos seus monarcas. E por efecto d-ese orgullo, fundado en falsas historias, ven sufrindo toda Hespaña unha política antinatural, crónicamente totalitaria. O magno problema de Hespaña está creado, dende antigo, pol-a chamada "vontade de imperio" que sinten os habitantes da Meseta e que, pouco a pouco, se foi convertindo en incapacidade democrática do conxunto. A solución, pois, está en convencer aos casteláns; pero esto supón unha nova "reconquista" de Hespaña.

Dixose insistentemente que os árabes transmitiron aos hispanos o seu espírito de indisciplina e que por eso en Hespaña resulta

imposíbel a colaboración e o ideal común. Cicáis a cousa non sexa tan simple como se ven decindo; pero non hai dúbida de que o Estado hespañol adoptou os módulos da parte máis arabizada e indisciplina, para impoñerllos ás partes máis capaces de colaboración democrática. D-este xeito a organización política de Hespaña, que pudo e debeu ser unha feliz harmonía de povos diversos, trocouse así en servidora d-un d-eles i en opresora dos demáis. E por non querer asentar o Estado hespañol sobor das súas realidades, preferindo vivir de abstraicións, declinaron todol-os valores tradicionais até o extremo de converter a hestoria de Hespaña n-unha serie ininterrumpida de frustracións.

O certo é que somentes os povos diferentes de Castela (Galiza, Cataluña e o País Vasco) están dispostos a tronzaren a hestoria de Hespaña, liberándose da disxuntiva en que se ven debatindo o Estado hespañol, antre a ditadura e o desbaraxuste. Xa fai moitos anos que as tres nacionalidades periféricas ergueron bandeira contra o cesarismo unitario e centralista, plantexándose a sí mesmas este outro dilema: "A separación ou a Federación". Pois ben; compre decir que Galiza non duvidou endexamáis, abrazando sen ningunha caste de reservas o federalismo.

A vocación federalista de Galiza venlle de tan adentro que nin tan siquiera quixo reservar o separatismo como recurso táctico, para intimidar aos unitarios e gañar posicións de vantaxa. O que non saben os unitarios é que unha Galiza desesperada é capaz de entregarse ao separatismo coa mesma fé con que se declarou partidaria da Federación.

AS PROBAS DO NOSO FEDERALISMO

Imos demostrar que ningún povo do conxunto hispano dou tantas mostras de vocación federalista como leva dado Galiza.

O día 10 de agosto do 1808, en plea guerra da Independencia, firmouse na Cruña un tratado de Federación perdurabel antre Galiza e Castela, como primeiro paso d-un proieito máis ambicioso, concebido pol-a nosa Xunta Suprema. O Conde Toreno e Pi i Margall recolleron o feito; pero ningún d-eles di que n-aquela Federación entraban de inmediato as provincias do Norte de Portugal e as de Oviedo e León, co que se pretendía restaurar a Galiza dos tempos románs, e ampliándoa co ingreso voutario dos demáis povos de Hespaña, a medida que se fosen

liberando dos franceses. Galiza, pois, concibeu e quixo realizar a Federación dos povos hispanos antes de que en Hespaña xurdiran os teóricos do federalismo influídos por Proudhon.

Iniciada en 1837 a renascencia literaria de Galiza e sentadas en 1842 as bases do rexionalismo galego, fíxose posíbel que perante a Xunta Central de Galiza, reunida en Lugo o ano 1834, se discutise e puxese a votación "si debía ou non este Reino declararse independente". A proposta, como se sabe, foi formulada por Antolín Faraldo e perdeuse por un soio voto, ce que prevaleceu a ideia unicnista sobor da separatista.

O día 22 de xulio do 1873, a pouco de instaurarse a primeira República hespañola, foi celebrada en Compostela unha xuntanza de 545 delegados galegos, na que se aprobou por unanimidade o seguinte acordo: "Unha vez plantexada en Hespaña a forma republicana federal de goberno, resolvemos exercer o dereito de iniciativa na organización político-administrativa do noso territorio". Este acordo, sen par nos anales hispanos do século XIX, puxo de bulto a conciencia política de Galiza. E tan unánime foi o acordo que até se veu secundado pol-o clero, en calidade de cidadáns galegos, xa que como tales cregos estáballes prohibido adherirse á República.

Tamén conta Galiza con outro exemplo único na hestoria política do citocentos hespañol. Este é o "Proieito de Constitución ou Pacto Fundamental para o futuro Estado Galego", formulado pol-o Consello Executivo o día 24 de maio do 1883 e definitivamente discutido, votado e sancionado pol-a Asambleia federal do territorio, axuntada en Lugo o día 2 de xulio do 1887. O seu artigo segundo di así: "Esta Rexión erixese en Estado Autónomo e Soberán, e adopta a forma democrática-republicana federal para o seu goberno". N-esta mesma Asambleia foi aprobado un "Plan de Facenda Cantonal", trazado por Sánchez

Villamarín a raíz da revolución do 1868. Non estará de máis reproducir un telegrama de Pi i Margall dirixido a esta Asambleia, que di así: "Galicia quixo durante a guerra con Francia establecer el sistema federal. Pláceme verla ahora ocupada en discutir su futura Constitución..."

Nin que decir ten que o ministro galego Eduardo Chao foi un dos redatores do proieito de Constitución federal da República hespañola do 73, coidándoa necesaria para Galiza e defendéndoa con exemplar decisión, como dispós o ministro galego Casares Quiroga había de votar a favor do sistema federal nas Cortes constituintes da segunda República.

Foi o federalismo o que veu dar contido político ao movemento sentimental de Galiza, con tal empuje e conciencia que o libro de Brañas "El Regionalismo", publicado en 1889, influía inclusive nas directrices do movemento catalán. Así foi que cando Pi i Margall visitou Galiza no outono de 1892 díxolle a Brañas que o seu rexionalismo galego aventaxaba ao federalismo hespañol en que de por sí xa era un sistema político. N-efecto; Brañas esclareceu, antes e mellor que ningún líder federal, a tendencia independentista dos povos hispanos, sentando as bases xustas e posíbeis d-un Estado armónico para toda Hespaña.

Compre rexistrar a disposición unionista dos grupos democráticos do noso país ao estabrecerse a República do 1931. O partido chamado O. R. G. A., creado en 1930, decía no seu primeiro manifesto, dispós de declararse federal a rajatabla e republicán a machamartillo: "...percurando cada povo superarse i engrandecerse pol-o seu propio esforzo, é como poderemos chegar a crear unha Hespaña poderosa, e irmandados con Portugal, poder conseguir que Iberia erga a súa nobre figura nos futuros Estados Unidos de Europa". Na sonada xuntanza de todol-os grupos repu-

blicáns galegos, levada a cabo en Lestrove, o día 16 de marzal do 1930, firmouse un pacto no que se decía: "...chegou a hora de que Galiza demostre querer ser libre e puxante... E a República terá de ser federal, porque tal é a vontade dos republicáns, conscentes de que o federalismo achega o goberno ao povo, axeitándose ás peculiaridades rexionaes, tan varias pol-a hestoria e o carácter hespañol". O Partido Galeguista, fundado a fins do 1931, como concreción dos movementos autonomistas anteriores e para defender a Galiza dentro da nova Constitución, non só se declarou defensor da nosa autonomía e do federalismo hispano, senón do federalismo internacional.

Ao presentirse o derrubamento do réxime monárquico, o "Seminario de Estudos Galegos" preparou un anteproieito de Estatuto de Galiza para propoñerllo ao noso país. Este foi o primeiro documento do seu xénero que se reditou en Hespaña ao instaurarse a segunda República, e comeza co seguinte artigo: "A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Hespañola". Aínda non se chamara a Cortes Constituintes cando a "Federación Republicana Galega" convocou na Cruña a unha magna assembleia de todol-os grupos i elementos afeitos ao novo réxime no noso país. Esta xuntanza tivo lugar o día 20 de maio do 1931, discutíndose e votándose unhas "Bases para o Estatuto Galego", cuio artigo inicial di así: "Galiza é un Estado autónomo dentro da República Federal Hespañola".

¿Será preciso presentarse outras probas do noso federalismo para que a Galiza se lle reserve un posto de honor?

CONCLUSION

Acaba de decir o Sr. Albórniz, Presidente do Goberno da República no exilio, en carta dirixida a L. Blum: "No necesito deciros cuán ardorosos partidarios de la Federación Europea somos los republicanos españoles. España es un país federal por naturaleza". Estamos seguros de que n-este intre en que o federalismo volve a poñerse de moda, todol-os republicáns e socialistas de Hespaña son federalistas. O propio Indalecio Prieto, que nas Cortes Constituintes da República do 31 votou en contra do sistema federal, amostrándose decote disgostado co réxime de autonomías rexionaes, acaba de presentarse no Congreso celebrado na Haya en favor da unidade europea, e con gran firmeza verbal declarou partidario, non somentes dos Estados Unidos de Europa,

(Pasa á páxina 3)

12º Aniversario do Plebiscito Autónomíco de Galiza

O 12º aniversario da votación pol-o povo galego da súa autonomía, será celebrado pola nosa coledividade con un grandeiro banquete que acordaron orgaizar a Federación de Sociedades Galegas, os centros provinciaes Ourenán, Pontevedrés, Lugo e Coruñés, o Centro de Betanzos e a Sociedade A. B. C. do Partido de Corcubión.

O aito realizaráse o día 27 de Xunio ás 12 horas, no salón da Federación de Sociedades Galegas.

VIAXE SIN RETORNO

A escuridade da noite cedía ante a tenue luz do nacemento dun día opaco. A quietude exterior era aínda ausoluta. O fume flotando en sombras caprichosas por riba dos tellados era o único indicio do comenzo do diario traxinar nas coñiñas aldeáns. A temperatura glacial extendíase a todo o ambiente. Unidos os corpos, cos rostros semicubertos, tratando de protexerse do frío, bordeaban unha angostura salpicada de bulleiro, unha aboa e seu netiño, con ansia non desimulada de chegar prontamente ao outro lado da serra.

O andar era lento e fatigoso. A resistencia do vento con aillados grumos de neve retrasaba enormemente os plans dos camiñantes.

A copiosa nevada amenazando desde o outo, a advertía claramente do perigo a que se expoñían quenes intentaran cruzar a serra en circunstancias climáticas tan pouco favorábeles. A experiencia da vella ao respecto infundíalle certo temor que aumentaba ao levantar a vista para descubrir no maciso da montaña, algo alexada aínda, a negrura da entrada que daba acceso á ruta en espiral, que conducía ás aldeas situadas sobor da marxen dereita. Presentábase, desde logo, difícil a empresa, pero...

Os camiños da comarca ofrecían a diario o triste espeu-táculo de infinidad de proce-sións de acompañamento e despedida definitiva. A epidemia, que viña desde lonxe, metíase en total-as partes causando per-das enormes. Un sono espanto-so tido durante a noite venci-naba todo isto coa filla da an-ciana que vivía co seu home e filliños na aldea onde tiñan tan-to empeño en chegar a dona io rapaz.

Metíanse xa na serra, subindo por un sendeiro despaxado e tortuoso, casi oculto pol-os acci-dentes propios do terreo. O ven-to incesante e veloz deixaba sentir unha música monótona e lastimeira, desalentadora. As verbas quedaban truncas ao se-ren pronunciadas, pois o perma-nente ruído dos elementos non facía posible a súa audición. O cansancio iba reaizando a súa labouira de agotamento nos aldeáns.

Alá arriba, casi á metade do viaxe, o refuxio do monte reci-bíalos, solitario, protector, cuíos asentos de pedra, limpos, invi-taban ao que chegaba.

Desde aquí descanso eran vi-sibles certos lugares, escearios de feitos desagradables que, aínda estando na mente de to-dos, os nosos viaxeiros preferían non comentar. Alí, no re-codo da arboreda, foi atacado un mozo por lobos famentos, ao voltar unha noite de Nadal de visitar á súa novia. Máis abai-xo, na fondeada da esquerda, un arrieiro que conducía as súas mulas cargadas de viño, non puido evitar a tormenta unha calurosa tarde de Xuño, e un rayo sorprendéuno no preciso instante en que chegaba ao pino xigante, onde pensaba repa-rarse.

Algúns copos de neve descen-dían xa, menos espaciados, an-ticipo seguro de intensa e larga nevada. Urxía pois reemprender a marcha antes de que a tor-menta se precipitara abundante.

Os primeiros movementos en

procura do seu ousetivo fixe-ron comprender aos excursio-nistas a gravidade da súa situa-ción, xa que a blanca sustancia íbase espesando de tal mane-ira, que o panorama perdía a súa habitual aparencia, cubríndose cun manto que borraba to-da huella e ocultaba calquer punto que poidera servir de ou-ventazón. A ruta pesada e invi-sibel obrigaba a un tanteo que non permitía grandes adeantos, ao mesmo tempo que debilitaba enormemente as xa escasas enerxías dos viaxeiros.

Fixaban a vista lexos, ao tér-mino da pendiente, nunhas chouzas que emerxían confusas por entre os brazos desnudos de robustos castiñeiros, visión que sinalaba a meta onde de-bían chegar, comunicándolles novas forzas.

A baixa temperatura había-

lles entumecido os membros ao extremo de semiparalizalos; a masa cruxente adherida aos pés convertía cada movemento en esforzo de titáns. De pronto, dous berros angustiosos son lanzados ao espacio, confundín-dose co lastimeiro ruído do ven-to, namentras anciana e neno desaparecían da superficie ao pisar escondida e profunda oquidade.

A isa mesma hora, nunha ca-sa labrega, un home rodeado de seus pequenos debatíase na im-potenza e na pena ante o ir-reparabel.

Cando o sol alegrou os días e disolveu a neve endurecida pol-a xiada, devolvendo á mon-taña o seu aspecto diverso, mans de íntimo afeuto clavaron sobor do pozo do lobo unha cruz de lembranza.

Antonio Gómez.



As son da zanfona

GRORIA AO PORCO

por VERDUGILLO

*Teño unha nova zanfona,
que oxe desexo estrenar
para as fazañas cantar
do porco de maior sona.*

*Gordo, petiso, panzón,
de pelaxe pouco fino,
asemella un porco chino,
con máis unto que xamón.*

*Como un bravo capitán,
pelexou na moreira,
espallando valentía
en contra do musulmán.*

*Aínda que non foi de mel,
fivo con sorte o debut;
na toma do Gurugú
casi lle furan... a pel.*

*Un furioso bereber,
atacando a retagarda,
armou dunha espingarda
o tratoulla de meter.*

*Pero un soldado valente
acudiu a toda presa,
e rebanou a cabeza
daquel marroquí docente.*

*Eisí, por esta fazaña,
salvado foi o animal,
que chegou a xeneral
para desgracia de Hespaña.*

*Anos pasou na inaiación,
e logo, en menos de nada,
a unha outura insospitada
rubeu por unha traición.*

*Amo de todo e señor,
convirteuse nun verdugo:
impuxo a seu povo o xugo,
e chámase o salvador.*

*En troques, os mouros son
agora os que lle dan garda;
xa non lle fuxe á espingarda,
recíbea con fruición.*

*O mundo asombrado está
de que este porco sin lei
e con ínfulas de rei
non esté no tullo xa.*

*Mais todo ten o seu fin,
e o día menos pensado,
nunha viga, pendurado,
será pol-o matachín.*

Os Parásitos do Galeguismo

O Galeguismo é, sin lugar a dúbida, o movemento político máis sustancial de cantos hoxe axitan aos povos da Península, na Terra nativa e na emigración.

En Ourense i-en Bós Aires está o latexo máisimo i-a liña pu-ra diste movemento político in-tegral, no que xermola un ver-dadeiro rexurdimento nacional Pangalego; todo il enerxía é lus.

Enerxía e lus: Lus alumeado-ra de novas estradas. Enerxía creadora dunha vida propia. Lus que espaxa os cintileos do propio espírito. Enerxía que afir-ma con feitos a vontade de ser, e que empurra, escorrenta i-es-naquiza ao enxamio de parási-tos conformistas e imitadores; seres aseisuaes, estereis; apenas fogos fatuos da fama allea.

O Galeguismo conta con unha colleita asombrosa distes pará-

sitos, da Terra e de fora dela. Háinos en todol-os terreos: nas letras, na arte, na política, nas agrupacións sociaes, i-en canto o patriotismo, a vitalidade i-a des-preocupación das nosas xentes deixa un burato onde acochar-se, ou unhas faragullas que apa-ñar. Háinos frescos; háinos auda-ces. Háinos dunha frescura e dunha audacia que asemella a máis candorosa inocencia. As veces confésanse, amóstranse encoiro ou déixanse radiogra-far, sin decatárense siquera das mágoas, lacras e miserias de que están cubertos: Vivos que se escorregan, e resultan par-bos. Háinos fosilizados, momias ambulantes, ou pelexos de fel-acedo que afirman a súa fraca-sada eistencia falando decote-mal de canto contrasta coa súa impotente catividade.

Háinos de cuño oficial, can-



Por fin, chegou a farándula falanxista. A tan cacarexada embaixada do arte folklórico hespañol pasou por Bós Aires e a Prata, seguindo logo até as provincias do interior.

Chamounos a atención que o recibimento non fora de acordo aos precedentes.

Esperábase que eiqú se fixeran grandes manifestacións de agarimo, conforme a outras que se reaizaron alá; pero resulta que o máis locido foi o agasallo do intendente municipal, que puxo á disposición das rapazas visitantes bañadeiras para que pasearan pol-a cidade.

Todo moi amabel e moi emotivo.

Por certo que as sociedades hespañolas franquistas máis distin-guidas, como a Patriótica Hespañola, o Club Hespañol e outras que non val a pena de nomear, non lle rindiron ningún homaxe ás mozas representativas do Sindicato horizontal ou vertical —non sabemos cal— das mulleres de falanxe.

As únicas entidades que se animaron a facelo foron os Centros de Numancia e Rioxano.

Nós, al menos non sabemos de ningunha máis.

E lástema, porque, tratándose de donas, ben podían os cabaleiros, por moi falanxistas que foran, que se portaran como se deben portar os homes diante das mulleres.

¿Onde está a fidalguía hespañola?

O Centro Galego parece que foi presioado por unha outa per-sonalidade para que recibira e agasallara ás traídas e levadas rapa-riñas.

(¡Qué afán de compricrar ao Centro Galego nas cousas feixistas!)

Pero o Centro soio aicedeu a recibir ás galegas.

En primeiro, rechazouse con indignación tal ideia; pero, ao cabo, transixeu-se pol-a humillación imposta.

A nós alégranos que o espírito galego despertara nos homes que dirixen a meirande entidade mutualista de América.

Pero, ao mesmo tempo, doinos profundamente que haxan sido recibidos e agasallados elementos que representan aos que asoballan a nosa Terra e que foron, e aínda son, asesinos dos nosos irmáns, que loitaron e loitan porque Galiza sexa ceibe e dona dos seus des-tinos.

Non comprendemos ben esa sutil distinción entre feixistas cas-teláns e feixistas galegos.

Para nós, tan merecentes do desprezo son os uns como os outros.

¿Acaso por seren galegos vamos a perdour nos verdugos, dos nosos mártires?

A este propósito, debemos facer notar a presenza da nosa ban-deira no salón onde foron obsequiadas.

¡Con que ollos a mirarian elas! ¡Cántos remordimentos non sin-tirían ao ver a insina pol-a que morreron Bóveda, Casal, Quintanilla e tantos outros que deron a súa vida por defenderen os seus ideaes, que son os nosos, os de Galiza!

¡E quen sabe si algún dos seus irmáns, dos seus mozos, dos seus pais non contribuíron a taes viles asesinatos!

¡Non; non se pode pasala esponxa por tantos crimes que se fixeron contra dos nosos irmáns!

Mester é ter unha liña reita en todol-os intres da vida.

Non é honesto nin val para nada tratar de estar a ben con Deus e co demo.

Hai que ter a valentía de manter a conduta xusta e cabal en cada momento.

O Centro Galego —hémolo dito moitas veces— debe ser unha entidade apolítica e non debe "embancarse" en ningún partido.

O goberno actual de Hespaña é produto dun alzamento militar, apoiado por baionetas estranxeiras.

Houbo unha guerra civil, que aínda non está terminada.

A ONU non recoñece a tal goberno, como a maior parte das na-cións.

Entón, todo hespañol ou institución hespañola que ostensibil-mente faga aito de acatamento ao goberno feixoso, deberá ser mar-cada como falanxista.

Esto non pode ser máis craro.

O Centro Galego da Habana, que está domiñado por xentes de dereita, non ergue no seu fronte máis bandeira que a galega.

Esto é o que compre e o dino.

de sirena, narcótico, arrollo en-gaioladeiro, trampa, suplantación capciosa, abortivo, esterili-zante espiroital con que procura cutarse o pulo creadoiro, esmo-recer a vontade e castrar o sen-timento nacional.

O Galeguismo cofease, arráñase e frega os ollos; revírase e mira arredor: e non ve máis que enxamios de alimañas que procuran zugar do seu corpo, de bestas que tratan de aplastá-lo coas suas patas, de hipócritas que pretenden engaiolalo, de im-potentes que envexan a súa vi-talidade.

E non é todo iso. Hai aínda

máis: A comechura uniformada, con antergo e ilustre berce no zudre real da camisa votiva de Sabela a Católica; comechura uniformada que é hoxe suma e compendio do imperio centralis-ta da España. E, pra por doado remate, chéganos a "polilla" alleira baixo todol-os disfraces e tratando teimosamente de co-larse por calquera xunta ou fen-da que poida atopar.

O Galeguismo é lus i-enerxía. Mais, de certo, que compre moita lus e moita enerxía, e... tamén moita hixiene pra defender-se de tantas plagas, e de tanto lixo.

A. ALONSO RIOS

Galiza, Mariñeira Sete Paisaxes Galegas e Máis Os Alicerces D'unha Teoría

Oxe, A NOSA TERRA sae con nova face. Amostra unha sirena no medio do seu título. O símbolo dos mariños parécenos o máis axeitado para representar á nosa Patria.

Os galegos fomos sempre un povo de mariñeiros. Endexa-máis ancorado, navegou e navega por todol-os mares, levando nos seus ellos os resplandores do sol que o guiou no antergo até o Fisterre. De onde, despóis de erixir un templo —o ARA CELI— ao pai da vida, lanzouse ao mar en procura do misterio que o maravillaba.

O engado do Atlántico foi o orixen das nosas aventuras. I ese engado o mesmo é sentido pol-o habitante do eistenso litoral, recortado en fondas rías, que pol-o montañés arzuán ou da serra de Meira, ou pol-o labrego das feraces terras do Ribeiro.

Galiza é toda ela mariñeira. O anxeio dos nosos antepasados bule aínda no noso sangue. Eisí pvoamos todal-as terras, tendo presente sempre no noso espírito a imaxen feiteiceira da nosa. Alá queda ela, a nosa dona, a gardadora do fogo sacro do fogar, esperando a nosa volta con enteira fe e coa resñación da muller do mariñeiro, que sabe que un día pode chegar á praia un corpo esnaquizado nas roucas e comesto dos peixes.

Si todol-os galegos espallados pol-o mundo nos xuntáramos, formaríamos, sen dúbida, unha nación meirande que a nosa propia. Pero xa que esto non é posíbel, ben poderemos, todos xun-guidos, traballar pol-o engrandecemento da nosa Terra e por sa-cala das mans que a agrilloan.

Oxe máis que nunca, debemos sentirnos fondamente galegos. e nada máis que galegos. Co pensamento posto na Galiza que agarda anxeiosa o regreso do seu amado navegante, temos que loitar pol-a consecución dos nosos permañentes ideaes: República e Autonomía.

¿Qué os tempos están sombrisos e os ánemos floxos? Non importa, intres virán que as nubens desaparezan e lozca o sol que foi o guieiro dos nosos pais. i entón, coa forza ancestral que xurde nos nosos peitos, berraremos: ¡TERRA A NOSA!

(TRADUCCION)

Hoy, A NOSA TERRA sale con nueva cara. Muestra una sirena en medio de su título. El símbolo de los marinos nos parece el más ajustado para representar a nuestra Patria.

Los gallegos fuimos siempre un pueblo de marineros. Jamás anclado, navegó y navega por todos los mares, llevando en sus ojos los resplandores del sol que lo guió en lo antiguo hasta el Finisterre. De donde, tras de erigir un templo —el ARA CELI— al padre de la vida, se lanzó al mar en busca del misterio que lo maravillaba.

La ilusión del Atlántico fué el origen de nuestras aventuras. Y esa ilusión lo mismo es sentida por el habitante del extenso litoral, recortado en bondas rías, que por el montañés arzuano o de la sierra de Meira, o por el labrador de las feraces tierras del Ribeiro.

Galicia es toda ella marinera. El anhelo de nuestros antepasados bulle aún en nuestra sangre. Así poblamos todas las tierras, teniendo presente siempre en nuestro espíritu la imagen hechicera de la nuestra. Allá queda ella, nuestra dama, la guardadora del sagrado fuego del hogar, esperando nuestra vuelta con entera fé y con la resignación de la mujer del marinero, que sabe que un día puede llegar a la playa un cuerpo destrozado en las rocas y comido por los peces.

Si todos los gallegos esparcidos por el mundo nos juntáramos, formaríamos, sin duda, una nación mayor que la nuestra propia. Pero ya que esto no es posible, bien podremos, unidos todos, trabajar por el engrandecimiento de nuestra Tierra y por sacarla de las manos que la aprisionan.

Hoy más que nunca, debemos sentirnos gallegos, y nada más que gallegos. Con el pensamiento puesto en la Galicia que aguarda con anhelo el regreso de su amado navegante, tenemos que luchar por la consecución de nuestros ideales permanentes: República y Autonomía.

¿Qué los tiempos están sombríos y los ánimos flojos? No importa; momentos vendrán en que las nubes desaparezcan y luzca el sol que fué el guía de nuestros padres, y entonces, con la fuerza ancestral que surge en nuestros pechos, gritaremos: ¡TERRA A NOSA!

O NOSO FEDERALISMO

(Ven da páxina 1)

senón da Federación dos povos hispanos.

Ocorre que os demócratas hespaños sempre alardean de federalistas—ao xeito de Proudhon, claro está— cando se ven caídos e alonxados do Poder; pero en canto ventan algún ascenso e recobran a espranza de gobernaren, entón sóio pensan nas ventaxas de concentrar os mandos en Madrid, porque esa é a maneira de que os mandos cheguen ás súas mans ou ás do seu partido, e con gran cinismo proclaman que a Federación non ten outro obxecto que unir o que está separado e que Hespaña non somentes está unida, senón que é unha nación única e indivisíbel. Lembremos o que suce-

deu coa primeira República e coa segunda, que por non seren federaes morreron a mans do mesmo agresor, e pensemos que os mesmos que agora se declaran federalistas volverían a ser unitarios.

En verdade, o movemento federalista europeo persigue finalidades moi distantes da paz que o mundo necesita; pero ben está que se fale do federalismo como única maneira de acadar a paz. E nós aproveitamos a ocasión para dicir, unha vez máis, que os galegos somos auténticos partidarios da Federación, tanto da hispana, como da europea e a mundial.

E ogallá que os farsantes do federalismo cheguen a sentir algún día o que sóio dín ocasionalmente!

VII

“A Mahía tudo ten: Boa mazán, boa pera, Boas meniñas tamén”.

A rolda das paisaxes da Mahía vai aciña dende a Ferradura de Sant-Iago e o bosque da Condesea deica os cotos que sinalan o erguemento oután do Barbanza, i esvácense nas veigas do Sar, padroesas. Mais convén moito diferenciar—unha variación sutil e definitiva— as paisaxes da Mahía das propias do Padrón, como saber onde remata a Ulloa i escomeza o val da Ulla. A Mahía non se pode describir como veiga, tendo moitas e farturentas veigas, nin como val, sendo rica en mimosos vales. Pódese dicir que o xénero de composición da paisaxe da Arousa e do Padrón faise un pouco máis grave á vista dos inspirados carballos agromados das torres de Compostela i o pé dos castros do Xiro da cidade. Non é d'abondo pra definir á Mahía. Tampouco a severidade semella nota esencial: a Mahía figúrasenos terra pimpante, graciosa, ricaz, de fartura —é isto importantísimo—, cisprada nun lenguaje elegante, de formas e de composición. A eleganza do románico e do barroco compostelán. Unha paisaxe da Mahía (Bastabales, Ames, os Anxeles, Casal...), ten de contar cos seguintes factores: o piñeiral, o lameiro, a nabeira, o coto, a aldea antiga. Dominan as formas en roda, de curto radio. A Mahía desenvólase como un kaleidoscopio de pequenas paisaxes ondecadas de combas e cor-tiñas en roda. En fatos arredondados verdecen os piñeirais. De fonda e antiga pírrica ou arume, as rodas e fatos dos piñeiros locen unha forza e un senso da composición ben desemeillante ó de Bergantinos. Os lameiros e as terras en abanos; os camiños mainos, procurando sosegadamente as encostas; os lugares antigos, de pedras rezas; boas cirezas; verdeces de lameiro; moita e mesta historia; arrabaldo de Compostela e un certo aire metropolitano o das parroquias da Mahía. Houbera sido interesante unha comparación da Mahía co val Ullán no tocantes ó sentido das formas estéticas da aldea e da xeográfica.

Na Mahía, en conxunto, poderíase rusgar un degrau entre a or-

Irmandade Galega de Mendoza

UN VOTO DE APLAUSO AFERVOADO E UNANIME

A Asambleia Xeral da Irmandade Galega de Bós Aires escoitou con interés o informe referente á patriótica tarefa desenvolada pol-a Irmandade de Mendoza, a que soubo por no ambiente cuiano unha acesa nota da cultura, do cometido hestórico e do rexurdimento contemporáneo da Nación Galega. E por elo tributoulle un afervoadado voto de aplauso, ofrecendo o seu intelixente desempeño como exemplo señeiro a todo o movemento irmandiño.

A NOSA TERRA asóciase coa meirande contenteza a tan merecido homaxe, pondo de bulto a súa arela de que a fina tónica, que dá categoría máisima a aitividade patriótica das irmandiños de Cuió, chegue a informar e vitalizar o movemento nacionalista galego en todo o longo i ancho diste Novo Continente.

por

RAMON OTERO PEDRAYO

la arousán —e o pé do Barbanza— e a montana do tipo dos chaos outos, azucados pol-o Tambre e sen afroentes. Eiqñi procuramos a maior singularidade da paisaxe. Supoñámonos no castro de Santa Susana de Sant-Iago: é un castro xa da Mahía. Desde a Ferradura mírase, enxérgase nacer a Mahía como se mira no abril nacer un ramo de follas. O capio, o pedúnculo, está nos valcinos do Sar e do Sarela. Vemos o do Sarela asombrado pol-o Pedroso, pequeniño e homilde, entre as griseiras terrazas de montana indefrenzada, que fan unha lección de ética dos arredores de Sant-Iago pol-a estrada da Cruña e pol-a estrada de Lugo. Xa pol-o bosque da Condesea o valcino se ceiba do Pedroso, e na campia do Sar xa o río que da nome á Colerita e súa paisaxe, vai liberado do consello da montana e do crmo, i en Conzo locce cos prestizios da Mahía. Pois así decorren e se fan as composicións de formas da natureza e da historia que chamamos paisaxes.

Unha vibradoira orquestrazón de fondos verdeces de groumas, aquí locían encostárese dos cotos, un esmaltárese de cidos e povos en retábulo, mírase dende os grandes eucaliptos da Ferradura como o nacer xubilozo da Mahía. San Lourenzo é xa Mahía, mais adoitado ó ser da cidade. Non é iste dinamismo, envolvemento nas aparencias de tranquiío fondo, un dos máis pequenos feitizos de Compostela. E na mesma cidá de pedra, sen sair das rúas e das prazas, pódense detremiñar presenzas e influenzas da Mahía e do Sul, e rumios da Mariña, como outras das grandes ermanzas do Norte e dos camiños de Curtis e Lugo. Non houbera sido valcino un estudo xeográfico, meramente xeográfico, da cidade de Sant-Iago. E tamén cando a física das radiações chegue a teller volume aparental, non han fallar estudos sobre as enerxías desenvoladas nas grandes e labouradas masas de pedra.

Non pode ser indefrente esta lembranza: Rosalía. Seu busto érguese diante a paisaxe da Ferradura. Ela, compostelán do Camiño Novo—senso do mar arousán— peligrinando sempre asugñ o correr do Sar e remontándose como as aves mariñas, é o millor símbolo da paisaxe da Mahía, si ben as súas millores poesías alentan na de Padrón. A Mahía foi cruzada pol-o seu voar de sombra; en San Lourenzo pousaba nun adral de sociedade; gostaba dos camiños da Mahía, terra ditosa; e anque moito amaba o mar, sóorñlle sempre na ialma as batalladas de Bastabales:

“Cando vos oyo tocar mórrome de soedades”.

VIII

“Der Antlitz der Erde”.

EDUARDO SUESS

Poderíamos lembrar ducias de paisaxes. Con millor método e n'outro ambiente do que n'iste barco. Evidentemente, os barcos se non fixeron pra escribir. Como se non sexa Tristán Corbière, ou Manoel Antonio... Feitos, notas, lembranzas, un sistema de fixar feitos, matices, de coor e o recender da realidade de cada hora. Co tempo será posible teimar unha teoría e hastra unha filosofía —i por que non, res-

peitábeles especialistas?— da Paisaxe Galega.

Imos encher ista hora da noite que voa con esas aas vagarosas sobre a impazenza do Atlántico, pra ensoar os motivos escuros d'unha teoría. Por outra parte, algo tens prometido no título de istas coartelas. E un ba'bordo non agardas de ergoleza di no fondo da conciencia: “non son tías, son dos montes dos camiños, dos horizontes iscaideas”. ¿Poidera ser? En todo caso, probes e sinxelas ideas non d'rán mal recender, queimadas na aras galegas. As vellas e eterna “Matres”.

A paisaxe galega resulta da plónica de eras e tempos xeolóxicos das forzas da atmósfera con macia de rocas cristalinas, e dunha conxunta polémica de séculos, iscribida sobre a primeira, do home e de xeneracións labregas sobre a mesma roca. As veces estranas forzas van na mesma dirección. N'outra establécese unha segunda polémica. En xeneral domina o primeiro sistema de forzas. A paisaxe estás facendo, segue o xogo dos mesmos factores, mais aínda no tempo histórico, aínda nos curtos lindes do mesmo vivir humán, se producen variacións. A paisaxe, pra entendela, ou —si ista eispresión semella pretenciosa— pra comnzar a vila, nun senso cósmico e verdade-ro, hai que enxergala como se fae historicamente, e tamén dentro d' determinadas premisas teleolóxicas. E n'iste vicio de ideas e relacións poderíamos postular algunhas afirmacións.

O Atlántico, como nivel de base, rice e detremiña o variado e conxunto xogo das forzas erosivas. O océano detremiña a facies esencial a historia física da Galicia. (E tamén a historia espiritual en todo o non tocantes á lei de liberdade, inspiración e ser do home). O Atlántico “chama” pol-a Galiza, e a Galiza tende, “faise” cara o Atlántico, en cuxa veciñanza chega á merande cispresividade da paisaxe. Pois todo na mesma Natureza, e non digamos nas obras da liberdade, procura o singular do seu ser, quere cispresarese enteiraemente. I por iso a chamada “Estética da Paisaxe” usada e de que se fale non ten valenza filosófica, nin estética, nin xeográfica. Pois todo o rédoce a imitación das artes. E enxerga, “pictóricamente”. E a paisaxe non se pode sentir así, nin como cousa rematada, nin como fondo de outros devenires.

Hai na paisaxe a interferenza do tempo cósmico e do tempo humán. Na Galiza chega a ser dramática. Hai de estudalo en cada val, en cada circo de horizonte. Ten as súas épocas. Tamén vai do E. pro O. medrando aquí dramatismo e eispresividade.

As paisaxes pódense crasificar pol-o seu ritmo (de ritmo maino o cclere): pra elo é preciso estudala en todas as sazóns do ano. Precisa o ritmo sazoiro e o ritmo xornaleiro.

Se non poden eludir as condicións planetarias: o ceo estrelecido, as nubens, figúran na paisaxe como os arboredos e os penedos.

Tres edades na historia da paisaxe galega: antiga (dende a prehistoria á chegada e istañazón da vid nos vales), medieval (ou “románica”: organización das parroquias sistema do conto e do viño) e moderna (coltivo do millo era “barroca”, “pazos”, etc.). Pódese enxergar a modernísima: desenvolto do piñeiral; brúidos mecánicos, e na paisaxe da noite, tranfo da electricidade.

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

FRANQUEO PAGADO
Concesión Nº 2032

TARIFA REDUCIDA
Concesión Nº 2727

Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Año XXX — Núm. 461

BOS AIRES, MAIO DE 1948

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Alfredo Somoza, Diputado Galego, Chegou a Montevideo

Con fonda emozón rexistramos eiquí a grata notiza. Alfredo Somoza Gutiérrez, deputado ás Cortes da República Española pol-a Cruña, desembarcou do vapor inglés "Andes" no porto de Montevideo, o día 13 de Maio en curso, procedente da Franza.

A emozón que sentimos é ben xustificada. O irmán Somoza —irmán na galegidade, irmán nos sentimentos patriótico-galeguistas xa que foi un dos fundadores das Irmandades da Fa.a da Cruña—, ven de se ceibar do témero drama que lle tocou vivir anguriosamente; once anos de ocultazón, de istar empechado, illado das xentes, privado da frescor do ar e da quentura do sol galegos; once anos de estarrecedora soedade, sen o agarimo dos seus familiares nin dos seus amigos a quenes se les tiña iñorantes do seu refuxio por elementaes razóns de prudenza; once longos e mouros anos agardando, ¡agardando sempre!, que algunha raiola de libertade furase as pechas tebras que o arrodeaban. Mais, disgraciadamente, o milagre se non producía. Soio lle chegaban os berros anguriados dos horfos e viudas dos centos e miles de irmáns que ían caendo asesñados, por tuda!-as estradas da sagra terra galega...; soio lle chegaba o bazo sagro do sangue dos mártires que, a moreas, caían por Galiza, pol-a República, pol-a Democracia, pol-a Liberdade; soio lle chegaban os ouveos dos adocidos lobicáns falanxistas que se non fartaban de verter sangue e de matar, lobicáns que faguían feroce pescuda pra dar co íl ¡Somentes sostíña o seu espírito, a forza mañífica dos seus sagros ideias e a esperanza do definitivo trunfo da xustiza! E ao cabo de once anos, pisou a terra libre e gozou da ar e do sol da Franza inmortal. ¿Cómo e de qué maneira?... Non é iste, aínda, o intre de que se seipa.

Pra recibir ao señor Somoza e lle dar a benvida a nome da coledividade galega de Bós Aires, foi a Montevideo unha delegación encabezada pol-o presidente do Consello de Galiza, deputado Castelao, e da cal formaba parte o segredario da nosa Irmandade Galeguista, señor Varela Buxán.

O recibimento que se fixo ao deputado Somoza no porto de Montevideo foi moi garimoso e brillante. Elí istaban, ademais da delegazón de Bós Aires, representacións da Irmandade Galeguista do Uruguai, da Casa de Galicia, do Centro Republicano Español de Montevideo, e moitos amigos e paisáns.

Pol-a noite d-ise día, celebróuse unha cea en homaxe ao viaxeiro que foi servida no restaurant Aguila e que istivo moi concorrida. N-ela falaron o irmán Meilán a nome dos galeguistas de Montevideo e o deputado Castelao a nome dos galeguistas de Bós Aires e da galegidade no eisilio. Os dous eispresaron a gran ledicia dos galegos libres de recibir no noso seo a tan meritória figura da nosa Terra. Contestou moi elocuentemente Somoza, —tamén, coma os anteriores, no noso idioma—, agradecendo a receción que se lle fixera e afirmando os seus alcendidos sentimentos patrióticos galegos e a su lealdade á causa da Autonomía de Galiza e da República Española. Os tres oradores foron afervoadamente apraudidos. Antre os asistentes contábase o Dr. M. Mora Guarnido, esgrevia figura republicán do Uruguai, a cuíñas xestíós se debeu que aquí benquerido país lle ofercese ao señor Somoza garimosa acollida e libre permanénza.

O día seguinte, o deputado Somoza foi ouxeto de calurosas rececións por parte das directivas da Casa de Galicia e do Centro Republicán, que o agasallaron con viños de honor.

¡Qué os ars ceibes d-América lle sexan propicios ao irmán Somoza!

Asamblea da Irmandade

O día 7 do corrente mes de Maio levouse a efecto a Asamblea da Irmandade Galega de Bós Aires. Nela fíxose leitura á memoria do derradeiro exercicio, que deseguida reseñamos. Foron considerados os distintos puntos da orde do día e procedeuse á elección das novas autoridades, quedando integrada a Xunta Executiva pol-as seguintes persoas:

Presidente: Manuel Puente. Vice-

presidente: Pedro Campos Couceiro; Segredario, J. M. Quintáns; Pro-Segredario, Rodolfo Prada; Segredario de Aetas, J. Varela Buxán; Tesoureiro, M. Lastra; Vocales: M. López (fillo), José Ramón Miguéns, Antón Gómez. Suplentes: José M. Blanco, L. López Cascaillar, Manuel Roel. Revisores de Contas: Antón Suárez do Pazo, Vicente Pérez Pena.



I
GRAU DE MILLO

Sórrí na espiga o branco grau de millo que, n-as monlladas, no hórreo pendura, cando, por Maio, enfrórase o xustillo a Primavera, e, pr-aquél, procura

que a Terra o troque, no renovo, en fillo —¡subríme arca de mañitral terrura!—, anque él da voltas, máis que da un sarillo pra perdurare na terreal ventura.

Soña e-ó saco do que segue o rego diante á xugada do que vai arando: máis que cantares, vai dicindo un prego,

amantemente, cando a man o apresa, ou ben, no sulco, ao caer, ro'ando: —¡Qué Deus me logre pra honrada mesa!

II
SEMENTEIRA

Os bois barudos, de cor bermella, diante do arado fíncan os pesuños, e, d-él tirando, dóiese a chavella, o xugo quéixase i-o timón da gruños.

Fende o terreo a lucente rella que bós guéiros tén n-uns reoxos puños, e, n-as pasadas, un arpón semella, ao afondarse case hastra os pescuños.

Indo e voltando, coma n-un bordeo, os longos sulcos sóbor do terreo os bois rematan ao chegar á estrema

Logo, dos beizos do que ápreira o arado sac un consello pr-ó mañizo amado: —¡Canta na espiga teu mellor poema!

A MEMORIA

Da reseña feita pol-a Xunta Executiva da laboura realizada no exercicio derradeiro, é doado por de bulto algúns puntos.

O máis importante d-ites é a celebración do Plebiscito do Estatuto Galego. Feito da máis outa siñificacón patriótica, que contou co concurso da nosa coledividade e das suas orgaizacóns, debendo facerse constar eiquí a participación aitiva i-entusiasta do Centro Coruñés, detalle que, por descoído, non aparece na reseña que nos ocupa. Segue, no orde de importancia, a reseña da defensa feita pol-a nosa coledividade dos dereitos de Galiza diante do esmorecido goberno republicán, que, non embarcantes a sua deliencenza repre-

De Antón Zapata García

Loubanza ao Grau de Millo

POEMA EN DOCE SONETOS

A Ramón Otero Pedrayo,
no fondo agarimo á Nai
Terra Galega

Branco grau de millo,
de Sara Mai fillo;
branco pan de broa
de condición boa:
Farturoto, novo
Cristo do meu povo,
con amor che canto:
¡Santo, Santo, Santo!...

III
GRADE

Canta dos agros a labrega lira os aspros ritmos e o coutado son, cando a xugada do solíño tira i-en terra munda trócase o terre

¿Cómo lle quere, loubra e admira o grau de millo, na sementazón, temendo á pedra do moer, se xira, sin d-oo térle de o facer rolón!

Logo, no alpendre, de folgar se afasta, e o prémeo espera sen render p'eñtas ¡ouh, Santa Grade do galego chan!—:

limpos diamantes pra lle dar, engasta o grau n-as follas, en moí poucos días, ¡n-os cucuruchos que han-nos dar o pan!

IV
MILLEIRAL

Dicrúa, cava e o darrendo, o sachu condona ao millo con amor terreo, pra que o namoro do lanzal cenceo e-ó amor da espiga sintase borracho...

Fala e-ó vento do seu fruto nacho, de tullas e hórreos, e de forno cheo, n-entanto as follas, con cumal randeo, ás candleñas bouvan e-un refacho.

Fala outras veces co-a molente brisa que ben o escuita, anque lle dan risa os seus falares: —“Cando me recoilla

o bó labrego, e avencelle en monllos, ¡ha de loubarme, posto de xionllos, e ha me dar bicos cando chegue a esfolla”!

(Seguirá no número de Xuño)

sentativa, moral e de lealdade aos principios democráticos, mantén a máis aceda xenreira ás xustas aspiracións do povo galego, coma se a sua misión suprema e derradeira fora non deixar por en dúbida a obrigada solidariedade de todo goberno hespañol co achatado totalitarismo da estepa castelán, que é “carozo sustantivo” de toda a mentalidade política hespañola.

Faise doada constancia da presenza do grande galeguista e ilustre profesor, don Ramón Otero Pedrayo, nistas terras do Plata, nas que tan lumiosa estela deixen coas suas conferencias ategadas de sabencia e reveadoiras da enxebre, fonda e ampla cultura nacional galega, e do sustantivo aporte de te nista falla coa importancia que Galiza á civilización do Occidente.

Dos aniversarios dos marteiros de Alexandro Bóveda e Pardo de Cela, datas nacionaes galegas, fái-se detalle da sua celebración no marco de devoción acesa con que o noso povo garda e venera a sua memoria.

Douse conta do espallamento do movemento galeguista na emigración, merecendo loubanzas espeiciaes os Centros de difusión de Cuío e de Río de Xaneiro.

Infórmase do merecido homaxe tributado ao poeta Avelino Díaz, celebrando a publicación do seu libro titulado “Debezos”; da publicación de A NOSA TERRA, e das actividades do Consello de Galiza, nas que non insistimos por teren sido recollidas oportunamente merecen.